



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

BASES PARA A SELECCIÓN DE UN AUXILIAR DA POLÍCIA LOCAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

PRIMIEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a selección e contratación laboral temporal de 1 Auxiliar de Policía Local, para reforzar os servizos da policía local debido á proximidade da época estival, co conseguinte aumento de poboación e visitantes.

SEGUNDA. CONDICIÓN DO CONTRATO:

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a xornada completa, exercendo as funcións de Auxiliar da Policía Local (Grupo equivalente C2)

A duración do contrato será de catro meses.

O contrato de traballo terá un período de proba de 15 días, durante os cales sen previo aviso poderase extinguir por ámbalas partes.

TERCEIRA. RETRIBUCIÓN E XORNADA:

A retribución a percibir pola persoa que resulte contratada será 1.058,15 €, por tódolos conceptos salariais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Estas retribucións equivalen a unha mensualidade do soldo correspondente ao grupo C2, do nivel de complemento de destino 16 e da paga extra correspondente ao grupo C2.

A xornada será de luns a domingo cos descansos semanais establecidos por lei.

CUARTA. LEXISLACIÓN APLICABLE:

Estarase na selección e contratación ao establecido na Lei 7/2007 de Coordinación de Policía Local, así como o Decreto 243/2008 do 16 de outubro que desenvolve a Lei 4/2007 e a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para a contratación de auxiliares de policía de tempada, así como a corrección de erros da dita Orde do 28 de xaneiro de 2009, que foi publicada no DOG de 12 de febreiro, tamén será de aplicación o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo e a Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

QUINTA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES:

Segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e artigos 35 e 95 da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía local, para tomar parte no proceso de selección, os aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter mais de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

b) Poseer a titulación exisíble para o acceso os funcionarios do grupo C2 (ESO, GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE).

c) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non haber sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, sin embargo, o beneficio de rehabilitación, según as normas penales e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondiente documento oficial.

e) Estatura: Mínimo: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Tódolos requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección e no período de prestación do servizo.

SEXTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

As instancias solicitando tomar parte na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello e no tabolerio de anuncios e dirixiránse ó Presidente da Corporación.

Os aspirantes manifestarán neste momento que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 5.

Xuntarase ca instancia a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia da tarxeta co número de afiliación a Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada da titulación requirida (graduado escolar, ESO ou equivalente).
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realiza-los exercicios físicos previstos na convocatoria nin exerce-las funcións propias a desenvolver.
- Xustificante de ter ingresado na conta bancaria do Concello a taxa pola participación en procedementos selectivos, que ascedende a 3,00 €.

Rematado o prazo de presentación de instancias dictarse lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, concedendo un prazo de dous días hábiles para a subsanación de deficiencias subsanables aos aspirantes excluídos.

SÉPTIMA. ADMISIÓN DE PARTICIPANTES E COMENZO DOS EXERCICIOS:

1. A data e mais a hora para o comenzo das probas selectivas serán determinadas pola Alcaldía xuntamente coa lista definitiva de admitidos, que se publicará a través de anuncio na



páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Meaño polo menos con vinte e catro horas de antelación á celebración das probas selectivas.

2. Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo.

3. Na fase de oposición, os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos de DNI e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

OITAVA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.

A. PROBAS SELECTIVAS:

Da cordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliar da policía local son as seguintes:

- a) Probas físicas, que medirán a capacidade física dos aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar. Calificaranse con apto/non apto.
- b) Cuestionario de preguntas tipo test, sobre un temario, que se cualificará de cero a diez puntos.
- c) Coñecemento do termo municipal e da toponimia local, que se cualificará de cero a tres puntos.
- d) Coñecemento da lingua gallega.

A.1. COMPROBACIÓN DA ESTATURA E PROBAS DE APTITUDE FÍSICA

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

PROBAS FÍSICAS

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18 – 36 ANOS	37 – 48 ANOS	49 OU MAIS ANOS
HOMES	41 CM	33 CM	29 CM
MULLERES	32 CM	28 CM	25 CM

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado.

A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento. O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído. A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18 – 36 AÑOS	37 – 45 AÑOS	46 O MAIS AÑOS
HOMES	4'30''	5'00''	5'15''
MULLERES	5'00''	5'30''	5'45''

2. POBRA DE COÑECEMENTOS

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$. Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

3. PROBA ESPECÍFICA SOBRE COÑECEMENTO DO TERMO MUNICIPAL E DA TOPONIMIA LOCAL.

Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/as aspirantes a unha proba oral, mediante unha entrevista persoal para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto, sen embargo as persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo dito coñecemento a través da presentación do Certificado da lingua galega 3 (CELGA 3), o coñecemento da lingua galega daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

B. ANEXO-TEMARIO.

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. Aprovección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

C. RELACION DE APROBADOS

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobado/a o/a que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

D. CURSO DE FORMACION

Para poder exercer as funcións de Auxiliar da Policía Local o aspirante deberán contar co curso de formación desenvolto pola Academia Galega de Seguridade Pública, que ten un período de duración de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policías locais.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

NOVENA .TRIBUNAL

Estará integrado por 5 membros:

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral fixo do Concello de Meaño con igual ou superior categoría/titulación a exixida para esta praza.

Tres vocais: Pertecentes ao corpo da Policía Local.

Secretaria: A da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros do tribunal serán nomeados conxuntamente coa lista de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á presidencia cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29, da Lei 30/92.

DÉCIMA. NOMEAMENTO.-

O nomeamento dos aspirantes levarase a cabo pola alcaldesa-presidenta, a vista da proposta do tribunal.

UNDÉCIMA. INCIDENCIAS.-

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomara os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases, calquera modificación ou decisión publicarase no taboleiro de anuncios do Concello.


DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO SERVIZO.-

Oportunamente comunicaráse ó/á seleccionado/a a data para o inicio dos servizos.

Meaño, 29 de marzo de 2017

A alcaldesa

Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Dilixencia: Poñoa eu a secretaria-interventora do Concello de Meaño para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 3 de abril de 2017.

Meaño, 3 de abril de 2017

A secretaria-interventora

Asdo. M^a Teresa Escudero Barral

